




## Días das Letras Galegas. Concello do Corgo. Programa

Domingo 15 de maio. Biblioteca do Punto de Atención á Lectura – Antigas escolas

**18:00 horas**

Presentación do libro ***O caso das Amantes de París*** de Miguel Alonso, publicado por Belagua Edicións.



A estudante de Psicoloxía Laura Mariño, que coñecemos en *O caso Quintana*, volve protagonizar a segunda novela de Miguel Alonso. Coa axuda incondicional da súa amiga Sara Porto, Laura Mariño deberá desenlear un dobre asasinato ocorrido na residencia universitaria Monte da Condesa.

### SINOPSE

Un dobre asasinato cometido ás portas da residencia universitaria Monte da Condesa levará o nome da estudante de Psicoloxía Laura Mariño ás portadas dos xornais. A nota atopada canda os corpos conduce a unha inevitábel conclusión: alguén pretende xogar con ela unha partida estraña e macabra, coa *chanson* francesa como banda sonora. Mais hai algún motivo oculto tras estas mortes? Ou son simples vítimas casuais dunha competición retorcida?

Coa axuda incondicional da súa amiga Sara Porto, Laura Mariño deberá desenlear un novo misterio e evitar máis crimes. É unha tarefa que desanimaría a calquera, mais Laura non é, nin pretende ser, unha universitaria do montón.

### SOBRE O AUTOR

Miguel Alonso (Ferrol, 1984) é licenciado en Psicoloxía, músico e escritor. Conta con varios discos publicados e recibiu prestixiosos premios, tanto a nivel galego como no Estado español, entre os que destacan o Xuventude Crea (2010) e unha Axuda á Creación Nova do Injuve (2013).

Como poeta e escritor de relatos curtos recibiu varias distincións e participou en diferentes publicacións colectivas, entre as que destacan Pegadas, Dez Anos na Porta e Aldeas sen voz. Con *O caso Quintana* (Belagua, 2017), estreouse como novelista e deu vida á estudante de Psicoloxía Laura Mariño, que volve protagonizar *O caso dos amantes de París*.

**18:30 horas**

Presentación do *Adiviñanceiro tradicional do Corgo* publicado polo Concello do Corgo co gallo do Día das Letras Galegas.

A presentación será feita polo antropólogo Lois Ladra, técnico de cultura responsable do **Proxecto CORGORAL**, no que desta volta teñen colaborado o cronista oficial, Sr. D. Jesús Abuín, e os alumnos do CEIP do Corgo e do CPI “Ramón Piñeiro”. Em conxunto reúne mais de cento trinta adiviñas e trátase do segundo maior adiviñanceiro municipal publicado ata hoxe na nosa terra.

**18:40 horas**

**Concerto a cargo de Miguel Alonso**

**Miguel Alonso** é un músico e escritor ferrolán, con varios discos publicados (A noite dos cans, 2010; Como dioses de alquiler, 2014; Literaria, 2019) e dous EPs (O día despois da noite dos cans, 2013; Manual de saudades, 2015). O eclecticismo é predominante na súa música, alternando ritmos pop e rock con sons propios de cantautor, o country, o folk... A crítica social está moi presente nestas cancións. Recibiu varios premios á súa traxectoria, entre eles o Xuventude Crea (que gañou no 2010 e do que xa foi finalistas en dúas ocasións máis, acadando o 3º premio no 2014), o Lidera Ferrol (2013), a Axuda Injuve para Creadores Novos (2014) e o Certamen de Jóvenes Creadores de Salamanca (onde recibiu unha mención especial). Ademais recibiu tamén dúas Axudas a Creación de Músicas Populares da Fundación SGAE.

**19:15 horas**

**Recital Poético:**

**Irene Quinteiro**

**Morte de Rei (Ramiro Vidal Alvarinho e Pedro Campos)**

**Manuel López Rodríguez**

**Alberte Momán Noval**